

SITUACIÓN POR CENTRO DE ORIENTACIÓN FAMILIAR

FERROL

Equipo:

- Unha administrativa
- Unha enfermeira a tempo completo e outra a tempo parcial
- Unha auxiliar de enfermaría a tempo parcial
- Unha traballadora social
- Un psicólogo clínico
- Unha xinecóloga con moitas baixas por problemas de saúde, que ás veces suple algún/algunha xinecólog@ do hospital.

Cada vez teñen menos axenda pola falta de continuidade desta prestación.

SANTIAGO

Equipo:

Non teñen persoal administrativo propio, compárteno co centro de saúde

Non teñen traballadora social.

- Unha enfermeira
- Unha psicóloga clínica
- Unha xinecóloga

Só se fai instauración de método anticonceptivo, xa non se fan as revisións xinecolóxicas de saúde.

Non se atende esterilidade e infertilidade.

A CORUÑA

Hai dous centros de Planificación Familiar

COF do Ventorrillo. Equipo:

Non teñen persoal administrativo propio, compárteno co Centro de Especialidades do Ventorrillo

- Unha traballadora social
- Unha enfermeira
- Unha psicóloga clínica

Non hai ningún especialista de xinecoloxía no propio centro, puxeron unha xinecóloga unha tarde á semana e fóra das dependencias do COF; é dicir esgazada do resto do equipo.

COF Municipal-SERGAS. Equipo

Persoal do SERGAS:

- Unha matrona
- Unha enfermeira
- Unha auxiliar de clínica
- Dous/dúas xinecólog@s

Persoal do Concello:

- Tres auxiliares administrativas
- Unha traballadora social
- Unha psicóloga clínica

En canto aos motivos de consulta, o SERGAS retirou do COF a consulta de esterilidade e infertilidade e dende xaneiro deste ano, ao ter que

asumir os/ás xinecólog@s deste centro as consultas de anticoncepción do outro COF, non se dan citas para as revisións xinecológicas das usuarias do centro, que ata ese momento se facían cada 3 anos. O 7 de maio empeza unha xinecóloga do servizo de xinecoloxía do hospital a pasar consulta unha tarde á semana no hospital e non nas dependencias do COF do Ventorrillo, pero non sabemos se se volverá recuperar a prestación das revisións xinecolóxicas periódicas das usuarias do centro.

OURENSE

Equipo:

Dúas auxiliares administrativas

Dúas matronas compartidas co Centro de Saúde "Nóvoa Santos".

Unha enfermeira

Unha traballadora Social

Unha psicóloga clínica

Unha Auxiliar de Clínica, que acaba de irse de vacacións antes de xubilarse. Sabemos que nas vacacións a substitúen. Non sabemos que vai pasar coa xubilación.

Varias xinecólogas, que se alternan unha cada día. En época de vacacións pode haber días sen este servizo.

Un urólogo, 1-2 horas á semana e non todas as semanas.

Previsiblemente suprimase, ao trasladarse Reprodución Asistida á Residencia Sanitaria.

A parte Médica da Reprodución Asistida, dende hai dous meses, lévase no CHUOU.

RIBADAVIA / O CARBALLIÑO

Equipo que cobre estas dúas poboacións 3 días á semana en O Carballiño e 2 días en Ribadavia:

Auxiliar administrativ@

Auxiliar de enfermaría

Xinecólogo

Psicólogo clínico que un día fai consulta de saúde mental

Matrona compartida co centro de saúde

Traballadora Social compartida co centro de saúde

Levan tamén o seguimento dos embarazos

Non fan consulta de infertilidade e esterilidade

Fanse revisións de saúde de métodos hormonais e DIU

LUGO

Equipo:

Auxiliar administrativo

Auxiliar de clínica

Enfermeira

Psicólogo clínico

Xinecólogo

Non hai traballadora social

MONFORTE

Equipo:

Enfermeira

Psicólogo clínico

Unha persoa de servizos xerais que fai funcións de administrativo.

Habitualmente pasa consulta un xinecólogo, 2 días por semana, no mellor dos casos, porque ante calquera baixa ou problema no hospital, se suspende a consulta xinecolóxica do COF.

Non hai traballadora social

Había unha auxiliar de clínica que xa non hai.

VIGO

Equipo:

Un celador

Dúas auxiliares administrativas

Dous auxiliares de enfermaría

Dúas enfermeiras

Dúas psicólogas clínicas

Dous xinecólogos

Unha traballadora social. Había outra que se retirou hai dous anos e non cubriron a súa xubilación.

PONTEVEDRA

Equipo:

Unha auxiliar administrativa

Unha enfermeira

Unha traballadora social (de baixa de forma practicamente ininterrompida desde xullo de 2012, sen que se considerase a posibilidade da súa substitución, malia as nosas demandas neste sentido). As tarefas de información, asesoramento e derivación a clínica das IVEs realízaas no seu defecto o psicólogo clínico.

Un psicólogo clínico

Un xinecólogo que pasa consulta 3 días por semana

Non se fai consulta de esterilidade nin reprodución asistida.

Faise seguimento de saúde xinecolóxica nas usuarias de método.